

PLAN DIXITAL

EOI RIBADEO

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.1. Datos básicos do centro.

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: EOI Ribadeo

Código do centro: 27020690

Provincia: Lugo

Enderezo: Camiño do Xardín, Nº2

Código Postal: 27700

Teléfono: 982 12 96 57

Dirección de correo electrónico: eoi.ribadeo@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/eoideribadeo>

A plantilla da escola está formada por 2 profesores con destino definitivo, 1 con destino provisional e 8 profesores interinos e substitutos, adscritos como segue:

- 2 profesor@s de Alemán
- 2 profesoras de Francés
- 2 profesoras de Italiano
- 5 profesor@s de Inglés.

Actualmente o centro conta con 210 alumn@s.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

✓ Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

Actualmente son de gran importancia o sector servizos e o sector turístico. Ribadeo é o centro dun enclave turístico en expansión. O sector industrial non está propiamente representado en Ribadeo.

En consonancia histórica co carácter comercial de Ribadeo e do seu porto, e reforzado polo crecemento experimentado polos servizos nas últimas décadas, o sector terciario mantense hoxe como o principal motor da economía local, o comercio, dende o que é polo miúdo ata as grandes transaccións que teñen lugar no porto comercial, e os servizos vencellados á administración, profesións liberais, ocio, turismo... son os causantes do crecemento económico de Ribadeo nos últimos anos.

O porto de Mirasol foi e segue sendo o grande motor comercial de Ribadeo e, dende 2004, grazas a que lle foi concedido un punto de inspección fronteiriza, é o único da costa de Lugo autorizado para o comercio con países externos á UE.

O segundo sector en peso ocupacional é o secundario, a actividade industrial, que está centrado na transformación agropecuaria (onde destaca a Sociedade Cooperativa Irmandiños), na madeireira e na elaboración de prefabricados de formigón.

O sector primario ten un peso escaso no conxunto da economía local. Este sector primario baseado na gandería, sobre todo no vacún de aproveitamento lácteo, e na produción forestal, ten pouca relevancia. A actividade da pesca, centralízase no porto de Porcillán, pero cómpre dicir que ten moi escaso peso na economía local, aínda que nos últimos anos gañaron tamén protagonismo a exportación de algas e a cría de ostras.

O porto deportivo de Ribadeo é un actor clave no proceso de desenvolvemento da vila, un verdadeiro axente de transformación social no que conflúen trazos socioculturais, lingüísticos, históricos e económicos.

O Concello de Ribadeo posúe tamén varios recoñecementos internacionais (Rede Natura 2000, LIC, ZEPA, Reserva da biosfera...).

A situación xeográfica de Ribadeo, no litoral da Mariña lucense, e a súa situación entre as autonomías de Galicia e Asturias converten a este concello nun lugar estratéxico que abarca a Mariña oriental lucense e a Mariña occidental de Asturias, a distancia que separa Ribadeo dos seus concellos veciños en Asturias é mínima: 5 quilómetros a Figueras, 15 a Castropol, 11 a Vegadeo e 10 a Tapia de Casariego.

Ribadeo forma parte tamén do camiño norte ou primitivo de Santiago, polo que é visitado cada ano por milleiros de persoas, moitas delas procedentes doutros puntos de Europa. Esta poboación ábrese, de forma histórica, a outras culturas con curiosidade, e cada vez mais, se precisa un sector de servizos que domine linguas estranxeiras.

A praia das Catedrais é tamén un gran reclamo turístico da Mariña lucense, e en especial do concello de Ribadeo. Milleiros de persoas de diferentes países a visitan cada ano debido á beleza e á espectacularidade das súas formacións rochosas.

Sabedores de que o mantemento e a divulgación dos nosos valores culturais pasa por á formación e á educación, unha parte importante do noso traballo vai encamiñada a divulgación doutras culturas, xunto coas súas linguas.

✓ **Contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.**

O PD está deseñado para ser un documento que permita traballar na consecución dos obxectivos do Proxecto educativo do centro, artellando estratexias e plans de accións que contribúan a desenrolar a actividade didáctica nun contexto cada vez mais dixital. Os plans de acción foron deseñados co gallo de formar parte de plans de innovación educativa e da competencia dixital do alumnado e profesorado. No curso 2022/23 farase unha revisión do PEC para adaptalo a este novo contexto educativo como o ensino virtual, cursos semipresenciais etc.

A escola conta cunha biblioteca cunha adquisición progresiva de fondos. A inclusión da biblioteca no **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares** fai isto posible. A biblioteca é un lugar acolledor para o alumando, onde se poden levar a cabo diferentes actividades de dinamización de lectura que se programan cada curso.

✓ Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

A Programación Xeral anual do curso 22/23 contará co Plan Dixital, a súa implantación será un dos obxectivos do curso. Ademais da implantación terase en conta a actualización e novas adquisicións de equipos, a formación do profesorado e establecer un plan de comunicación dixital e protocolo de boas prácticas.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no **artigo 121** establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre o outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no **artigo 111 bis**, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os seguintes principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. Proceso de elaboración.

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación e realizarse en base a información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para así iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2.Situación de partida

2.1.Servizos dixitais e mantemento dispoñible

A Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo conta cun aula multimedia para o alumnado dotada de tres ordenadores portátiles; dende a escola inténtase fomentar o seu uso entre o alumnado. A sala de profesores está dotada con tres equipos informáticos con conexión a Internet e tódalas aulas dispoñen de ordenador con conexión a Internet e proxector. Só unha das aulas conta con pizarra dixital.

Ás veces, temos que lamentar a calidade baixa da sinal wifi no centro o que repercute na práctica didáctica dos docentes. Os equipos son propiedade do centro que foi mercando de forma progresiva, polo que a UAC non se fai cargo de resolver os problemas cos equipos polo feito de non ser da Consellería. As incidencias coa conexión son continuas e foron un problema grave no momento que pasamos ao ensino telemático.

Na escola utilizamos a aula virtual como apoio á práctica docente e como medio de intercambio de información entre docentes e alumnado. Tamén traballamos coa plataforma de comunicación TokApp para a comunicación co alumnado e persoal do centro.

Para a avaliación do alumnado e carga de cualificacións, os docentes empregan a plataforma Centrosnet

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Autoavaliación SELFIE (páxina 4 do Informe SELFIE)

		Ensinanzas
--	--	------------

Areas	Grupos	Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
A-Liderado	Equipo Direct.					1,9
	Profesorado					2,1
	Alumnado					
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.					2,4
	Profesorado					2,1
	Alumnado					3,1
C-Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.					2,1
	Profesorado					2
	Alumnado					2,6
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					2,4
	Profesorado					2,9
	Alumnado					
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					3,5
	Profesorado					3,8
	Alumnado					3,9
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					2,9
	Profesorado					3,1
	Alumnado					3
G-Prácticas de avaliación	Equipo Direct.					2,6
	Profesorado					2,7
	Alumnado					2,8
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					2,5
	Profesorado					2,4
	Alumnado					2,8

Autoavaliación do Test CDD (táboas)

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	11	18,18%
PROVISIONAL	1	11	9,09%
INTERINO	8	11	72,72%
SUBSTITUTO	0	11	0,00%
DESPRAZADO(OUTROS)	0	11	0,00%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
97,4	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.				
PRI.				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0,00%
A2	2	22,20%
B1	4	44,40%
B2	1	11,10%
C1	1	11,10%
C2	1	11,10%
TOTAL	9	99,90%

2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
	INFRAESTRUCTURAS- EQUIPAMENTO	O centro conta con equipos informáticos a disposición do alumnado. O centro dispón de ordenadores e equipos portátiles a disposición do profesorado.	O centro non conta con unha estratexia ou plan de protección de datos. O profesorado non se pode conectar cos seus propios equipos. O noso centro carece de rede wifi a disposición do alumnado. O centro carece dunha asistencia técnica inmediata. Os equipos informáticos cos que conta o centro son insuficientes para a súa utilización nalgúns entornos de aprendizaxe.

CATEGORÍAS	PERSOAL DOCENTE	<p>O profesorado crea recursos educativos en liña adaptados ás necesidades e diversidade do alumando. O profesorado diseña recursos dixitais que fomentan a creatividade do alumnado. Hai unha avaliación de xeito dixital do noso alumnado. O profesorado adapta as súas actividades ao nivel de competencia dixital do alumnado obxectivo. O profesorado utiliza medios dixitais de comunicación co alumnado (TokApp, e-mail, aula virtual, etc). O profesorado conta co apoio do equipo directivo para probar novas formas de ensinanzas dixitais.</p>	<p>Non hai unha retroalimentación ou debate sobre o aprendizaxe. Non hai no centro unha avaliación de progreso no eido da estratexia dixital. Algúns docentes carecen de formación no campo das novas tecnoloxías. Segundo os alumnos, non se levan a cabo os suficientes proxectos interdisciplinares que permiten unha aprendizaxe de contidos dixitais. O centro non promove o debate sobre o uso das novas tecnoloxías.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		

	<p>ALUMNADO</p>	<p>O alumnado emprega plataformas dixitais como TokApp como medio de comunicación co profesorado. A través da páxina web do centro o alumnado ten acceso a toda á información que precisa. O alumnado coas competencias dixitais necesarias realiza actividades académicas cos medios dixitais dispoñibles no centro. O alumnado é avaliado empregando a plataforma dixital CentrosNet. No centro o alumnado pode mellorar as súas competencias dixitais e comunicativas mediante o emprego das Novas Tecnoloxías xa que dispón de espazos habilitados con equipos dispoñibles. O alumnado atopa con certa facilidade a información que precisa na web do centro. O emprego da aula virtual permítelle ao alumnado realizar o seu seguimento de actividades. O alumnado recibe avisos e notificacións a través da plataforma de comunicación Tokapp. Baixo de alumnos por aula o que facilita o emprego de novas ferramentas e estratexias dixitais. O alumnado utiliza de maneira habitual as tecnoloxías no seu fogar para o ocio o que facilita, nalgunhas ocasións, o desenvolvemento de actividades con contidos dixitais na aula. A maioría dos alumnos conta cun acceso a dispositivos fora do centro. A maior parte do alumnado</p>	<p>Ás veces o alumnado carece de competencia dixital polo que resulta complicado implicar ao alumnado nas estratexias dixitais ou no uso das diferentes plataformas corporativas do centro. O alumnado demanda espazos e actividades que lles permitan a autorreflexión sobre a súa aprendizaxe dixital e a comunicación e colaboración cos seus compañeiros na mellora da competencia dixital. Unha gran parte do alumnado implícase moderadamente nas actividades que requiren competencias dixitais. O alumnado carece de coñecementos que lles permita facer un uso seguro e responsable dos medios dixitais. O alumnado carece das competencias que lles permita verificar a calidade da información á que teñen acceso. O alumnado carece das competencias que lle permiten outorgar recoñecemento ó traballo dos demais. O alumnado carece dos coñecementos prácticos que lles permitan a creación de contidos en formato dixital. Parte do alumnado do centro non conta coas capacidades dixitais necesarias para o seu desenrolo académico. Parte do alumnado non coñece as vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo, porque o centro non dispoñe de suficientes medios tecnolóxicos. Parte do alumnado carece de software libre na súa casa. O alumnado emprega pouco a tecnoloxía no centro. Ás veces o alumno non utiliza a tecnoloxía na casa o que impide a súa implicación nas estratexias dixitais do centro. Unha parte do alumnado informa que o uso dos dispositivos</p>
--	-----------------	---	--

		sabe como usar o software ou ten facilidade para resolver algún problema que poida xurdir.	dixitais os distrae dos seus obxectivos académicos. O alumnado conta con espazos e actividades que lles permitan a autorreflexión sobre a aprendizaxe dixital.
	FAMILIAS	Poden acceder á información actualizada a través da páxina web do centro ou a través de avisos mediante plataformas dixitais de comunicación Unha parte do alumnado pide axuda ás familias para utilizar o software empregado no centro.	Unha parte do alumnado ten problemas para atopar espazos tranquilos onde usar dispositivos dixitais.
	OFERTA		O centro carece dunha base de datos de provedores de formación actualizada para ofrecer ó alumnado.
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Facer reunións de tódolos membros do equipo docente permítenos coñecer as carencias dixitais do noso centro	O noso centro non conta cunha estratexia dixital definida debido a que a realidade de cada aula é diferente. O noso traballo de aula é moi persoal polo que é o propio profesorado quen desenvolve cada estratexia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O centro conta con recursos económicos para a adquisición de equipos. A Consellería proporciona ao profesorado formación en competencia dixital	A administración non dota ao centro con equipos nin dispositivos dixitais. Mala conectividade. Non facilitar formación en competencias dixitais en horario de mañás. A formación dispoñible para o profesorado non é, ás veces, específica na formación de linguas e para profesores de escolas de idiomas. Falta de dotación de equipos por parte da administración. Problemas técnicos frecuentes debido a rede wifi.
	LEXISLACIÓN	O equipo directivo coñece a normativa para a adquisición de equipamento informático para o centro	Os prazos marcados na normativa pola administración dificultan, ás veces, a adquisición de equipamento informático cando se precisa.
	CONTORNA	O centro colabora con outros centros da contorna e participa en actividades colaborativas empregando as novas tecnoloxías.	O centro atópase nunha área na que se carece dunha oferta formativa externa no eido dixital para o alumnado. Existen problemas de conectividade na zona, tanto en cobertura móbil nas áreas rurais como na liña fixa que presenta cortes frecuentes incluso nos servizos de fibra óptica.
	ANPA		

	<p>OUTRAS ENTIDADES</p>	<p>Persoa allea ao centro que repara os equipos informáticos e soluciona problemas técnicos.</p>	<p>Non contamos con apoio de empresas externas que participen na nosa estratexia dixital. As entidades externas que colaboran con nós son pagadas polo propio centro para cubrir as nosas necesidades; non son proporcionadas pola administración educativa.</p>
--	-------------------------	--	--

3. Plan de Acción

Para a elaboración de este apartado, e para a elaboración dos Plans de Acción que forman este apartado, pártese da análise DAFO. Teranse en conta tanto os recursos materiais e humanos cos que conta o centro no momento da elaboración dos plans de acción.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Establécense os obxectivos prioritarios que teñen que ser medibles, específicos, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Unha vez definidos estes obxectivos, determinaranse as accións que haberá que seguir para alcanzar cada un dos obxectivos e con que elementos.

Defínense, tamén, os responsables e persoas implicadas para conseguir os obxectivos, temporalización e recursos necesarios para levalos a cabo.

A continuación, expóñense as táboas que recollen esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

“Área/s de mellora”: Formación en competencia dixital (DPC)						
1. OBXECTIVO (1):	Deseñar xornadas de formación no centro para fomentar a competencia dixital do profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC e dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Áreas de mellora detectadas na actualización e formación do profesorado do centro.					
Valor de partida (3)	Xornadas de formación no centro no eido da competencia dixital; unha por cuadrimestre.					
Valor previsto e data (4)	Dúas xornadas de formación presencial no centro, unha por cuadrimestre.			Curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Recollida de datos, enquisa de detección de necesidades no eido da formación dixital profesorado.	Coordinador/a TIC	30/09/22	Plataforma de enquisas dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Deseño do plan de formación.	Coordinador/a TIC Dirección do centro.	31/10/22	Asesoría CAFI/ CEFORE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Asistir ás xornadas de formación organizadas polo centro	Xornadas de formación no centro.	Mínimo unha por cuadrimestre, venres pola mañá (20/01/2023 - 28/04/2023)	Equipos informáticos. Conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Infraestrutura e equipos (C)						
1. OBXECTIVO (1):	Actualización dos equipos da escola				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/A TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de ordenadores que haxa que actualizar.					
Valor de partida (3)	20 equipos para actualizar na escola (sala de alumnos, biblioteca, sala de profesores, dirección e aulas)					
Valor previsto e data (4)	16 de 20 equipos actualizados			Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Revisión dos equipos informáticos para valorar o seu estado	Coordinador/a TIC	30/09/22	Coordinador/a TIC cun axente externo ao centro que ofrece asistencia técnica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Detectar as necesidades de cada un dos equipos ou de calquera material informático	Coordinador/a TIC	31/10/22	Informe de valoración coas necesidades de cada equipo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actualización ou adquisición de novos equipos	Coordinador/a TIC, Dirección, Secretario/a	28/02/23	Empresa externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Plan de comunicación dixital (PEC)

1. OBXECTIVO (1):	Deseñar un plan de comunicación dixital do centro.	Acadado
RESPONSABLE:	Dirección. Coordinador/a TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Aprobación dun protocolo de comunicación dixital, incluído nas NOF e no Plan dixital do centro.	
Valor de partida (3)	0. O protocolo de comunicación dixital non está xeneralizado	
Valor previsto e data (4)	10. O centro conta cun protocolo de comunicación dixital e difusión do mesmo	Curso 2022/23

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Selección de canles de comunicación cos diferentes membros da comunidade educativa. profesorado, alumnado e outras institucións.	Todo o profesorado.	01/12/22	Equipos do centro. Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Redacción dun protocolo de boas prácticas na comunicación dixital.	Todo o profesorado.	01/03/23	Equipos do centro. Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Difusión do plan dixital de comunicación entre a comunidade educativa.	Coordinador/a TIC. Dirección	01/03/23	Equipos do centro. Internet Páxina web do centro. Redes sociais do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Tratamento e protección de datos (PEC)						
1. OBXECTIVO (1):	Deseñar un protocolo de actuación cos datos que manexamos no centro no eido do tratamento e protección de datos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Secretaría do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Temos un protocolo de tratamento dos datos no centro.					
Valor de partida (3)	0. O tratamento de datos no centro non está xeneralizado.					
Valor previsto e data (4)	10. O tratamento de datos no centro respecta a normativa de protección de datos.			Maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Deseñar unha xornada de formación sobre tratamento e protección de datos na escola.	Responsable TIC Dirección	13/01/23	Equipos do centro Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer unha análise dos datos persoais cos que traballamos no centro e do seu tratamento.	Secretaría responsable TIC	01/02/23	Documentación secretaría do centro. Documentación dos departamentos didácticos (probas, actas, fichas do alumnado) Datos de carácter persoal nas aplicacións e redes sociais do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Revisar, adaptar e/ou modificar os documentos e materiais do centro respectando a lei de protección de datos.	Todo o profesorado.	01/03/23	Os do AO1.2		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

1. Pizarras dixitais como mínimo nas aulas mais grandes para facilitar a proxección de vídeos na lingua obxectivo e tamén dos materiais educativos que o profesorado queira amosar.
2. Tablets para traballar co alumnado na aula e alumnado con adaptacións curriculares xa que facilitan a súa motivación e unha aprendizaxe máis axeitada ás súas necesidades educativas.
3. Ordenadores portátiles para o profesorado, que faciliten tanto o traballo presencial no centro coma o teletraballo en caso de que fora necesario así como a preparación das clases desde o domicilio.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos nos seguintes contextos:

No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, facendo xuntanzas do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e levantando actas de ditas reunións, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Analizarase se os obxectivos e as accións do Plan Dixital se están a acadar ou non.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

O Plan Dixital será revisado anualmente e incorporado á Programación Xeral Anual e ao Proxecto Educativo de Centro. As propostas de mellora serán recollidas polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital e incorporadas aos Plans de Acción.

5. Difusión do plan

A páxina web da escola servirá como medio de difusión do Plan Dixital e estará a disposición para o coñecemento de tódolos membros da comunidade educativa.

